



Comezou un novo curso no IES Xulián Magariños e, como todos os anos, festexámolo como debe ser: cun concerto. O grupo convidado foi Carapaus, que ten entre os seus integrantes varios veciños da comarca. Actuaron para un público composto polas alumnas e os alumnos de 1ºESO, 2ºESO e 3ºESO que, sen dúbida, nos entregamos ao espectáculo.

Pero antes do concerto propuxémoslles vir á aula de 2ºESO A para entevistalos na sesión de Lingua galega. Aceptaron encantados, detalle que lles agradecemos dende a revista escolar. Oli fixo de voceiro do grupo respondendo a maior parte das preguntas, pero tamén participaron Emilio e os demais integrantes.

Previamente preparamos as preguntas coa profesora e gustounos facer de xornalistas por un día. Aquí tedes a nosa entrevista e unhas fotos que fixemos do grupo durante o concerto e a entrevista.

### **P- De onde vén o nome Carapaus?**

*R- (Risas) Case sempre nos preguntan este detalle! O nome tomámolo de como lle*

*chamaban ao xurelo grande en Portugal.*

### **P- Cando e onde fundastes o grupo Carapaus?**

*R- No ano 2010 xurdiu a idea en Ourense de formar o grupo, nunha Mostra de Patrimonio, pero realmente formouse a principios de 2011.*

### **P- Con que estilo musical vos sentides encadrados?**

*R- Para nós sempre foi unha referencia a música tradicional galega.*

### **P- Cales son os vosos referentes musicais?**

*R- Os nosos referentes musicais dende sempre foron os nosos maiores, os vellos gaiteiros e as vellas pandereteiras.*

### **P- Quen son os integrantes do grupo? Que instrumento toca cada un? Neste momento, Oli convidou aos seus compañeiros a presentarse cada un de menor a maior idade.**

*R- O máis novo é Adrián que toca o bombo e é a voz principal; Gustavo é o tamborileiro; Sabela, a única muller do grupo, é a acordeonista e tamén a voz principal; Emilio toca a gaita e a percusión, e Oli, o maior, é o frautista.*

### **P- Houbo cambios na formación do grupo dende os inicios ata hoxe?**

*R- Dende os inicios a nosa formación foi aumentando, Gustavo, Oli e Emilio xa estaban no grupo dende a formación e máis tarde uníronse Sabela e Adrián.*



**P- Poñédesvos nerviosos antes de comezar un concerto?**

*R- Depende un pouco da persoa, Emilio si, mentras que ao contrario, Sabela é moi tranquila. Tamén depende do concerto xa que nalgúns hai máis tensión ca noutros.*

**P- A que idade comezastes a tocar?**

*R- Empezamos todos a idades diferentes: Sabela comezou aos 5 anos, Adrián aos 6 e Emilio aos 10. Estes empezaron moi de noviños mentras que Gustavo e mais eu comezamos xa máis de maiores, el con 16 e eu con 15.*

**P- Seguides indo a clases de música?**

*R- Si, seguimos indo todos e algúns de nós tamén damos clases.*

**P- Quen é o compositor das pezas musicais?**

*R- Emilio é o compositor da música e Sabela e Gustavo das letras.*

**P- Como vos está afectando a crise no voso traballo?**

*R- Non nos afectou moito xa que temos un caché moi asequible. Como dicimos nós: "tocar máis, cobrar menos"*

**P- Tocades só en Galicia ou tamén noutros lugares de fóra de Galicia?**

*R- Polo momento só tocamos en Galicia, tivemos varias ofertas para ir fóra pero, de momento, non as aceptamos.*

**P- Hai unhas semanas, durante o verán,**

**compartistes escenario con Milladoiro na festa folk de Negreira. Como foi a experiencia?**

*R- Para todos nós foi unha experiencia moi boa xa que Milladoiro é un dos grupos míticos en Galicia.*

**P- Con que outros grupos compartistes escenario?**

*R- Con moitos outros, quizais non tan coñecidos como Milladoiro para vós, pero con moi boa música. Por exemplo, con Chouteira.*

**P- Sempre quixestes ser músicos?**

*R. Si, todos quixemos ser músicos dende cativos. Ben, menos Oli, que quería ser astronauta ou arquitecto (risas).*

**P- Cales son os vosos próximos concertos?**

*R- Non temos ningún concerto programado porque hoxe mesmo rematamos a temporada. Nos próximos meses dedicarémonos á gravación do noso segundo disco.*

*Cando rematou o tempo do que dispoñíamos para a entrevista todos tiñamos a sensación de que fora moi curta. Foi un momento moi agradable que lles agradecemos de novo.*

*Pouco despois, tocou o timbre e saímos con ganas a escoitalos tocar. Aínda que non é o tipo de música que adoito escoitamos os adolescentes, encantounos o concerto, seguimos as pezas facendo algún coros, palmas e algún que outro baile. Os Carapaus amablemente dedicáronnos unha canción preciosa aos de 2ºESO A que viñamos de entrevistalos. Grazas.*

**Texto de María Mosquera Mouro.**